

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ÍNDICE

1. - XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.....	3
2. - IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.....	6
3. - DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS.....	10
4. - DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS , MEDIDAS E / OU.....	12
PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	
5. - DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN	20
E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS	
6.- CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS	25
EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO	
7. - MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS.....	32
ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN	
8.- CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS.....	34
DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO	
9.- PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS.....	36
EXTRAORDINARIAS: CEIP FLAVIA /CENTROS ADSCRITOS	
10 . PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.....	48

ANEXOS

1. **ANEXO I:** PLAN DE ACOLLIDA PARA ALUMNOS DE NOVA 51
ESCOLARIZACIÓN NO CENTRO E XA
ESCOLARIZADOS EN CENTROS ADSCRITOS
2. **ANEXO II:** PERÍODO DE ADAPTACIÓN DE EDUCACIÓN INFANTIL.....52
3. **ANEXO III:** CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN DO PLAN62
DE ACOLLIDA PARA CENTROS ADSCRITOS
4. **ANEXO IV:** PROGRAMA DE ACOLLIDA PARA O ALUMNADO63
QUE CURSA 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA E SE
INCORPORA NO PRÓXIMO CURSO AO IES
CAMILO JOSÉ CELA
5. **ANEXO V:** CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN DO PLAN65
DE PREPARACIÓN PARA A ESO
6. **ANEXO VI:** PLAN DE ACOLLIDA PARA ALUMNADO66
PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO
7. **ANEXO VII:** ENTREVISTA PAIS/NAIS – 1.74
Alumnos/as procedentes do estranxeiro
8. **ANEXO VIII:** ENTREVISTA PAIS/NAIS – 2.75
Alumnos/as procedentes do estranxeiro

1. - XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

1.1- INTRODUCCIÓN

O Plan Xeral de Atención á Diversidade é o soporte que nos vai axudar a articular propostas educativas diversas tendo en conta as necesidades reais do alumno singular e único. Pártese da consideración de que do adecuado axuste á pluralidade vai depender a eficacia da acción formativa e educativa que se desenvolve no noso centro educativo.

A intervención educativa debe contemplar como principio a *diversidade do alumnado*, sobre todo nos casos daquel que presenta necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou unhas condicións persoais e/ou de historia escolar moi desfavorables. A atención deste alumnado, considerado *alumnado con necesidade específica de apoio educativo* na Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación e no Decreto 229/ 2011, do 7 de decembro (DOG nº 242 do 21 de decembro de 2011) pola que se regula a atención á diversidade, deberá axustarse, entre outros, aos principios de normalización de servizos, de flexibilidade na resposta educativa, de prevención e de atención personalizada cun conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características, necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

A experiencia acumulada no noso centro, no tocante a Atención á Diversidade, fixo que ademais das medidas contempladas no Proxecto Educativo de Centro dende a súa redacción inicial, fóranse incorporando e aprobando unha serie de medidas específicas na procura de que o progreso na aprendizaxe fora efectivo en todo o alumnado e que cada quen puidera desenvolver ao máximo as súas posibilidades. No momento actual, a revolución tecnolóxica dos últimos tempos sitúanos nun mundo complexo no que se producen cambios constantes e onde a realidade escolar fai que os centros presten, se cabe, unha especial atención á diversidade co fin de planificar medidas educativas que faciliten unha resposta adaptada ás necesidades educativas de todos e para todos, sendo

capaz de chegar a cada unha das persoas que conforman a crecente diversidade do alumnado.

Así, para programar a nosa acción de forma eficaz, debemos coñecer as peculiaridades do contorno ao que vai dirixido o plan e no que se vai desenvolver: características do alumnado, profesorado e familias, acción do centro educativo, medios materiais, recursos humanos, etc. Imos recoller a continuación de forma somera algúns destes datos que debemos ter presentes:

1.2 SERVIZOS QUE OFRECE

- Educación Infantil: Contamos con tres unidades
 - Unha aula de alumnos de tres anos.
 - Unha aula de alumnos de catro anos.
 - Unha aula de alumnos de cinco anos.

- Educación Primaria:
 - Dúas aulas de alumnos de 1º.
 - Dúas aulas de alumnos de 2º.
 - Dúas aulas de alumnos de 3º.
 - Dúas aulas de alumnos de 4º.
 - Tres aulas de alumnos de 5º.
 - Dúas aulas de alumnos de 6º.

Aulas de apoio

- Unha aula de Pedagogía Terapéutica
- Unha aula de Audición e Linguaxe

1.3 PROFESORADO:

- 4 Profesores/as de Educación Infantil.
- 12 Profesores/as de Educación Primaria.
- 1 Profesora de PT
- 1 Profesora de AL
- 1 Profesora de música

- 2 Profesores de educación física.
- 1 Relixión

Durante varios cursos contamos cunha Auxiliar Técnico (coidadora) por necesidades específicas. Actualmente non existe alumnado con ditas necesidades polo que o centro non dispón dese Servizo. No momento que contemos de novo con alumnos matriculados que precisen da intervención antes citada demandarase de novo a praza.

1.4 XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTORNO

O CEIP Flavia sitúase na rúa do Carmen, fóra do centro do pobo preto do río Sar. Inclúe poboación de Padrón e integra alumnos dos núcleos rurais do Concello e contando con servizo de transporte e comedor escolar.

Nos espazos que se apartan do núcleo predominan as casas unifamiliares tradicionais con pequenos terreos de labranza e vivendas de nova construción tamén unifamiliares, xunto con algún bloque de vivendas de pequena altura, destacando a parroquia de Herbón polo cultivo do Pemento .

A poboación alterna e complementa a actividade no sector primario (agricultura) coa industria , (especialmente aluminio e taboleiros de madeira) e servizos. Conta con instalacións municipais na que o alumnado participa en actividades deportivas extraescolares.

En canto á situación lingüística, o estudio do centro indica que se usan habitualmente as dúas linguas cunha lixeira tendencia de predominio do , amosándose unha actitude favorable ao emprego de ambas linguas.

Coa análise dos datos aportados vemos que nos atopamos fronte a :

- Un pobo en crecemento cuns marcados resgos rurais que aínda conserva, pero que se van desdibuxando a medida que vai sendo incorporado á estrutura urbana.
- Unha mestura de poboación formada polos descendentes da xente de sempre e a que chegou de pobos limítrofes ou de lugares máis alonxados por causas laborais.
- Familias cunha crecente preocupación pola formación dos seus fillos que precisa e demanda, cada vez máis, asesoramento e apoio.
- Un alumnado que require unha atención singular e global que dea resposta ás súas necesidades.
- Profesorado maioritariamente estable no centro que ten que facer fronte aos novos retos que o ensino demanda e está aberto ás iniciativas.

É por iso polo que é necesario un servizo que parta da realidade e dos condicionantes da zona e do propio centro educativo.

Partindo destas premisas e coa pretensión de ser realistas, eficaces e funcionais, avaliaremos as necesidades e formularemos os obxectivos, que se explicitan no apartado 2 e 3 deste Plan .

2. - IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

O Plan Xeral de Atención á Diversidade nos servirá de referente criterial para que no centro se poida concretar anualmente o axuste da resposta educativa ás necesidades que presenta o alumnado, contemplándose moi especialmente aos alumnos e alumnas que teñen dificultades para progresar adecuadamente por causas e/ou circunstancias diversas e que van precisar apoios e recursos.

Tendo en conta o dito anteriormente e feita a valoración de necesidades a intervención vaise centrar no **alumnado con necesidade específica de apoio educativo**. As necesidades que se describen a continuación son as detectadas e existentes neste momento pero sen prexuízo de incorporar medidas e atencións educativas dende o primeiro momento da identificación de calquera outra necesidade e sempre de acordo coa lexislación vixente.

2.1 ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO

Entendendo que vai ser o alumnado que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

- Alumnos con Necesidades Educativas Especiais

Neste grupo quedaría englobado o alumnado valorado como tal polos equipos ou servizos de orientación educativa que require por un período da súa escolarización ou ao

longo de toda ela, determinados apoios e atencións específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta .

Neste ámbito teremos que dar resposta e atención educativa a alumnado con :

- Discapacidade intelectual : Leve, moderada, grave, profunda
- Discapacidade física : motora, outras
- Discapacidade sensorial: auditiva, visual
- Trastorno grave de conduta
- Trastornos xeneralizados do desenvolvemento
- Plurideficiência

Neste ámbito e no centro, temos que dar resposta e atención educativa a alumnado con :

- Discapacidade intelectual : Leve, moderada
- Trastorno grave de conduta
- Trastornos xeneralizados do desenvolvemento
- Plurideficiência

▪ Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe

Considérase que unha alumna ou un alumno presenta dificultades específicas de aprendizaxe cando o seu rendemento en relación á adquisición e uso dunha ou varias das capacidades de comprensión e expresión oral, lectura, escritura, razoamento e cálculo matemático é significativamente discrepante co seu potencial de aprendizaxe e/ou nun nivel sensiblemente inferior á media. Neste grupo se incluírá o alumnado con trastornos específicos do desenvolvemento do aprendizaxe escolar da lectura, a expresión escrita, o cálculo e outros trastornos non especificados.

Neste ámbito e no centro, temos que dar resposta e atención educativa a alumnado con :

- Dificultades nas áreas instrumentais
- Trastorno de lectura, escritura e cálculo

▪ Alumnado con altas capacidades intelectuais:

Unha alumna ou un alumno presenta altas capacidades intelectuais cando manexa e relaciona, de maneira simultánea e eficaz, nun nivel sensiblemente superior á media,

recursos cognitivos verbais, numéricos, lóxicos, memorísticos, espaciais e creativos. Considérase talentoso o alumnado que destaca especialmente e de maneira excepcional no manexo dun ou varios destes recursos. Considérase alumnado con sobredotación intelectual cando amosa as seguintes características: unha capacidade intelectual moi superior á esperada para a súa idade, unha alta creatividade e un alto grao de motivación e perseveranza.

Neste ámbito e no centro, temos que dar resposta a alumnado por precisar atención educativa a través de medidas específicas de ampliación de currículo.

- Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo:

A chegada de poboación de orixe estranxeira á nosa Comunidade Autónoma, así como o retorno de emigrantes galegos e das súas familias, está a incidir notablemente na evolución da diversidade na nosa poboación escolar, de xeito que proporcionar unha resposta educativa a este alumnado convértese nunha liña prioritaria de actuación.

Adoptaranse cantas medidas se consideren necesarias para proporcionar a debida atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro que presente todas ou algunha das seguintes circunstancias: descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia, desfase curricular significativo, graves dificultades de adaptación. Estas medidas poderán ser tanto de tipo curricular como organizativo, irán dirixidas a todo o alumnado que conte cunha idade comprendida entre os tres anos e o límite da escolarización obrigatoria.

Neste ámbito e no centro, xeralmente temos que dar resposta e atención educativa a alumnado por: Inmigrante só con desfase curricular.

- Alumnos con especiais condicións persoais ou de historia escolar

Un alumno ou alumna pode presentar necesidade específica de apoio educativo derivada de condicións persoais ou de historia escolar cando manifesta dificultades na evolución das súas aprendizaxes e na adquisición de obxectivos e competencias por motivos de saúde, por pertenza a determinados grupos sociais ou minorías étnicas, por situacións socioculturais desfavorables, por escolarización desaxustada ou pola combinación de varios dos motivos mencionados.

Entre este alumnado inclúese aquel que presenta un retraso escolar significativo nunha ou en varias áreas ou materias, cun desfase curricular xeral de dous ou máis cursos ou niveis, e este non poida explicarse por necesidades educativas especiais, nin por dificultades específicas de aprendizaxe, nin por incorporación tardía ao sistema educativo.

Neste ámbito e no centro, temos que dar resposta e atención educativa a alumnado por :

- Alteracións e retraso na adquisición da fala e da linguaxe, incluíndo o alumnado con trastornos da linguaxe expresiva, mixto da linguaxe receptivo-expresivo, fonolóxicos e da comunicación non especificados.
- Retraso madurativo neurolóxico e psicolóxico con discrepancia significativa entre o desenvolvemento psicolóxico e a idade cronolóxica.
- Situación de desventaxa socioeducativa e outras etnias. Inclúese o alumnado escolarizado nas etapas obrigatorias, que presenta un desfase escolar significativo, con dous ou máis cursos de diferenza entre o seu nivel de competencia curricular e o curso no que está escolarizado, por atoparse en situación de desventaxa socioeducativa derivado da súa pertenza a minorías étnicas e/ou culturais, por factores sociais, económicos e xeográficos, ou por dificultades de inserción educativa asociadas a unha escolarización irregular.
- Procedentes doutras comunidades autónomas
- Ambientes desfavorecidos ou marxinais

3. - DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

O Plan Xeral de Atención á Diversidade é un documento aberto co que se pretende ofrecer o marco onde os obxectivos formulados deseñan unha proposta de traballo a medio e longo prazo. Anualmente vaise enriquecer coa proposta de concreción axustada á análise das necesidades, características e recursos da realidade do noso centro, sen perder esa función de eixo vertebrador firme que o labor na Atención á Diversidade precisa. Faise necesario unha reflexión para unha toma de decisións coherente e

axustada ás directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica e as achegas dos cursos para que a proposta do Claustro de Profesores poida ser posteriormente aprobada polo Consello Escolar. O exposto anteriormente nos leva a determinar que os obxectivos que deben guiar a acción deste Plan Xeral de Atención á Diversidade son:

- Posibilitar a integración social e educativa, potenciando actitudes de aceptación e respecto en todo o alumnado.
- Diseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumno e de cada alumna.
- Tomar as decisións e adoptar as medidas que optimicen a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo.
- Ofrecer a todo o alumnado e de xeito especial aquel con necesidade específica de apoio educativo unha acción educativa adecuada ás súas necesidades, que lle facilite e contribúa á consecución das competencias básicas e dos obxectivos xerais e mínimos das etapas de Educación Infantil e Educación Primaria.
- Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e de adecuación da estrutura organizativa para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas no marco da formación de persoas responsables, autónomas e participativas.
- Facilitar ao alumnado a adaptación persoal e grupal para enfrontarse a momentos escolares como o inicio da escolaridade en Educación Infantil, o paso a Educación Primaria e a incorporación a ESO.
- Impulsar a colaboración e coordinación do centro con outras institucións e asociacións para mellorar o labor educativo.
- Potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado.
- Promover a formación do profesorado en temas relacionados coa atención á diversidade potenciando a concienciación da posibilidade de atoparnos na escola con alumnado heteroxéneo.
- Promover a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado no proceso educativo, orientando, informando e asesorando no caso de familias do alumnado con necesidade de apoio educativo.
- Adoptar, cantas outras actuacións favorezan a atención á diversidade do alumnado, contando, cando cumpra, coa correspondente autorización.

4.- DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS , MEDIDAS E / OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

4. 1.- MEDIDAS XERAIS

O Centro pon en marcha estratexias reguladas normativamente para adecuar os elementos prescritivos do currículo ao seu contexto particular co obxectivo de dar a resposta educativa máis inclusiva e normalizada posible aos diferentes niveis de competencia curricular, capacidades, expectativas, motivacións, ritmos ou estilos de aprendizaxe, así como ás diferenzas sociais e culturais do alumnado do Centro. As medidas xerais atoparémolas en :

1. O Proxecto Educativo que determina os principios educativos e fins que pretendemos conseguir no noso alumnado.
2. O desenvolvemento do Plan de Acción Titorial que favorece no seguimento do alumno, grupo e a coordinación co profesorado que intervén no proceso educativo.
3. O labor que realiza o Departamento de Orientación cara o alumnado, familias e profesorado para conseguir superar as dificultades que os alumnos presentan.
4. As programacións de actividades e tarefas nas que se recollen as concrecións curriculares de aula nos diferentes niveis educativos.
5. As reunións de avaliación e coordinación de niveis e ciclos para coordinar o traballo co alumnado co que se traballa.
6. Plan de Fomento da Lectura e desenvolvemento da comprensión lectora: motivando ao alumnado coa lectura de libros e actividades na Biblioteca do centro e priorizando o desenvolvemento da comprensión lectora e mellora da ortografía ao través das áreas.
7. Proxecto de Novas Tecnoloxías : Utilízanse programa multimedia e internet para reforzar as áreas instrumentais e ampliar coñecementos.
8. Proxecto de Pizarras Dixitais Interactivas : Axudan ao acercamento do alumno ás novas tecnoloxías interaccionando coas súas mans na pantalla.
9. Plans de Acolida para o alumnado : Axudan a integrar aos novos alumnos que veñen por primeira vez ao noso centro.
10. Os criterios de avaliación e promoción fixados para cada ciclo.

4. 2.- ACTUACIÓNS XERAIS

Ao finalizar o curso farase unha relación de alumnos e alumnas que sexan susceptibles de necesitar reforzo educativo. Ademais engadirase a esta relación o alumnado repetidor e o que pase de curso con materias pendentes. Ao comezo do curso se revisarán estes listados e se actualizará con novos alumnos se os houbera.

Como norma xeral, o profesorado acomodará o proceso de ensino - aprendizaxe ás condicións particulares do alumnado, o que pode traducirse nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e de cooperación familiar.

Así, o requerido pola diversidade dos nosos alumnos abarca un amplo abanico que inclúe a necesidade de exemplificacións, explicacións ou exercicios específicos, a encomenda de certas responsabilidades, a necesidade de ser posto frecuentemente en situación de éxito, et. En síntese, trátase de que a cada alumno se lle ensine partindo do seu nivel de coñecementos previos e dentro da súa zona de desenvolvemento próximo, respectando o seu ritmo de aprendizaxe, co obxecto de que vaia construíndo o seu coñecemento e desenvolvéndose conforme ás súas potencialidades.

Neste tipo de actuacións é preciso que o profesorado coñeza a situación persoal de cada alumno: os principais datos evolutivos e de saúde, o estilo e o ritmo de aprendizaxe de cada quen, que reflexione sobre a metodoloxía máis adecuada para cada neno que facilite o seu achegamento ao currículo, que analice as relacións que se establecen dentro e fóra da aula e a súa utilidade nos agrupamentos dentro da aula, et, sendo fundamental que o titor estableza unha rede coordinadora entre o distinto profesorado (equipo docente).

4. 3.- MEDIDAS NA ATENCIÓN DO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO.

Na atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo poden levarse a cabo diversos tipos de actuacións de carácter organizativo, pedagóxico e curricular, contempladas na normativa ou deseñadas e planificadas polo centro educativo, de entre as que destacamos:

4.3.1.- MEDIDAS ORDINARIAS

Constitúen as estratexias de organización e as modificacións que debe de realizar cada centro respecto aos agrupamentos, métodos, técnicas, actividades e estratexias de ensino-aprendizaxe e avaliación co fin de atender á diversidade sen modificar os elementos prescriptivos do currículo.

Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada etapa ou ensinanza, entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:

1. Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
2. Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
3. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
4. Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
5. Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
6. Desdobramentos de grupos.
7. Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
8. Programas de enriquecemento curricular.
9. Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
10. Programas de recuperación.
11. Programas específicos personalizados.
12. Programas de habilidades sociais.

4.3.2 MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada etapa ou ensinanza e da limitación dalgunha das ensinanzas ou etapas específicas, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade, entre outras, as que seguen:

1. Adaptacións curriculares.
2. Agrupamentos flexibles.
3. Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
4. Flexibilización da duración do período de escolarización.
5. Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo (consta protocolo “ Atención Educativa Domiciliaria” da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
6. Grupos de adquisición das linguas.
7. Grupos de adaptación da competencia curricular.
8. A consellería con competencias en materia de educación poderá establecer cantas outras medidas de atención á diversidade considere necesarias, así como o procedemento para a súa autorización.

4.3.4.- MEDIDAS NO CENTRO

Na atención no caso do alumnado con necesidade específica de apoio educativo poden levarse a cabo diversos tipos de actuacións de carácter organizativo, pedagóxico e curricular, contempladas na normativa ou deseñadas e planificadas polo centro educativo, de entre as que destacamos no noso centro :

- A.- Reforzo Educativo sen apoio

É unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescriptivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de

avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos de alumnos e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.

Estarán dirixidas a aqueles alumnos que con modificación de elementos non prescriptivos do currículo poden seguir o proceso ordinario de ensinanza - aprendizaxe. Serán elaboradas e aplicadas polo profesor que imparte a área e o seu desenvolvemento levarase a cabo no contexto escolar ordinario e quedará constancia reforzo implementado. Elaborarase unha programación breve e sinxela das áreas de apoio. Farase un seguimento dos alumnos a través de reunións entre los profesores e nas sesións de avaliación trimestrais.

- B.- Apoio especializado

É o apoio temporal dun profesor especialista en audición e linguaxe e/ou en pedagogía terapéutica dentro ou fóra da aula ordinaria, que ten como destinatarios alumnos con necesidade específica de apoio educativo.

Para que se produza este tipo de atención, que seguirá os criterios de utilización establecidos neste plan, será necesario que así o aconselle o informe ou a Avaliación Psicopedagóxica realizada pola orientadora.

O procedemento para a demanda de intervención, realización de Informe ou de Avaliación Psicopedagóxica por parte do servizo de orientación é o seguinte:

- Comunicado do profesor á orientadora do centro da necesidade de intervención ou avaliación dun determinado alumno.
- Cumprimentación por parte do profesor do cuestionario previo aportado pola orientadora.
- Levarase a cabo o proceso descrito no punto 5 do presente Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Ao remate do curso, o profesor deberá elaborar un informe - resumo relativo ao apoio realizado.

- C.- Profesor / a Apoio Infantil

O profesor/a de apoio a Educación Infantil encárgase de impartir Psicomotricidade, Atención Educativa e Animación á Lectura en todos os cursos da Etapa. Os restantes períodos lectivos se organizan e distribúen en relación ao alumnado con necesidade

específica de apoio educativo presente nos grupos e rexistrados polo Departamento de Orientación. O horario elabórase nos inicios do curso escolar segundo necesidades e en consenso cos titores / as e Departamento de Orientación para ser elevado á Xefatura de Estudos.

- D.- Adaptación Curricular Significativa

Esta medida seguirá o procedemento establecido na Orde do 6 de outubro de 1995 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Consiste na modificación dun ou de máis elementos prescritivos do currículo (obxectivos, contidos, criterios de avaliación).

Decidirase a conveniencia de elaborar unha Adaptación Curricular Significativa para un alumno determinado, unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa e terá como referente os obxectivos xerais de etapa, concretados na concreción curricular do centro para cada ciclo.

A súa elaboración e desenvolvemento, agás casos excepcionais, levarase a cabo no contexto educativo ordinario.

Precisarán autorización da inspección educativa correspondente.

Terán unha duración mínima dun curso.

O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor que imparte a área, co asesoramento da orientadora e de calquera outro profesional que participe na atención ao alumno. A Adaptación Curricular Significativa revisarase periodicamente, polo menos, ao remate de cada curso. As posibles modificacións só requirirán unha nova autorización no caso de que se produzan en referencia aos obxectivos e aos criterios de avaliación do ciclo sobre o que se elaborara a adaptación.

Os criterios de avaliación establecidos nas adaptacións Curriculares serán o referente fundamental para a avaliación e promoción do alumno.

- D.- Flexibilización da duración do período de escolarización

Medida pola que o alumnado alumnos con necesidade específica de apoio educativo poden ser obxecto de flexibilización da súa escolarización na Educación Infantil e na Educación Primaria e para a que hai que ter en conta :

- Será necesaria a autorización da Consellería de Educación.
- Imprescindible constatar aplicación de ACS ou medidas organizativas.
- En Educación Infantil poderase aumentar un ano. Non se pode permanecer máis alá do ano natural no que se cumbran 7 anos.
- En Educación Primaria poderase aumentar un ano sobre o disposto con carácter xeral. Poderase estar un 2º ano se non se permaneceu un ano máis en infantil. Non máis alá do ano natural no que se cumbran 15 anos.
- En calquera caso, a permanencia no ensino básico non se poderá prolongar máis alá dos 21 anos en centros e aulas de educación especial.
- Calquera medida de Flexibilización se consignará, incluíndo a resolución pola que foi autorizada, en todos os documentos de avaliación dos alumnos.

O Alumnado con sobredotación intelectual poderá ser obxecto de Flexibilización do período de escolarización coa anticipación do inicio da escolarización obrigatoria ou redución da Educación Primaria cando se teña previsto que dita medida é a máis axeitada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e da súa socialización, e que globalmente ten adquiridos os obxectivos da Etapa e/ou curso que lle corresponda cursar. Haberá que ter en conta como criterios xerais:

- A redución da escolarización obrigatoria será dun máximo de dous anos.
- Esta redución máxima non se poderá aplicar durante a mesma etapa educativa.
- Se se anticipa a escolarización en Educación Primaria non se pode reducir nesta etapa.
- Irá acompañada de medidas curriculares.
- Poderá anularse a decisión cando o alumno non alcance os obxectivos propostos e do mesmo xeito, esta anulación terá tamén carácter revisable.

5. - DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

5.1. DETECCIÓN E AVALIACIÓN DAS NECESIDADES DO ALUMNADO

Para o seu desenvolvemento establécense os seguintes criterios a ter en conta no proceso de toma de decisións na atención do alumnado que presenta necesidade específica de apoio educativo e na organización do apoio aos mesmos.

5.1.1 PROCESO NA TOMA DE DECISIONS NA ATENCIÓN DE ALUMNOS CON NECESIDADES

1º.- Os mestres titores/as detectan aqueles alumnos/as que presentan dificultades que lle impiden seguir a dinámica habitual do grupo clase e, despois de intentar solventalas na aula e non acadalo, comunícanllo ao/á orientador/a do Centro.

2º .- Os alumnos podémolos clasificar en :

A .- Alumnos/as que presentan necesidade específica de apoio educativo evidente asociada a condicións persoais e entendendo que vai ser o alumnado que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. Neste caso iníciase un proceso de Avaliación Psicopedagóxica que implica a intervención do titor/a, profesorado de apoio, xefe/a do Departamento de Orientación e, se é o caso, o especialista correspondente do Equipo Específico. Neste proceso de avaliación o profesor titor/a colaborará na recollida de información e redactará un informe que reflicta a problemática observada na aula. Tamén se recollerá información dos profesores especialistas.

A familia cubrirá un impreso no que se recadarán os datos familiares, de desenvolvemento, hábitos e comportamento xeral do neno/a .

O pai, nai ou titor legal firmará a solicitude de autorización para a Avaliación Psicopedagóxica pola que queda constancia de que está informado e da súa conformidade. Empregarase o impreso de que dispón o Centro para tal fin.

Procederáse á elaboración dunha Adaptación Curricular Significativa unha vez esgotadas as medidas de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes e se os resultados da Avaliación Psicopedagóxica así o indican. Neste proceso está implicado todo o profesorado que imparte docencia directa ao alumno, o profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe se é o caso e o orientador/a do Centro. O primeiro compoñente na elaboración da Adaptación Curricular Significativa será o resumo dos resultados da Avaliación Psicopedagóxica. Estarán implicados o profesor titor/a e profesores que imparten áreas instrumentais, profesores especialistas, profesores de apoio e orientador/a e se colaborará co Equipo de Orientación Específico de A Coruña. cando este realice avaliacións psicopedagóxicas .

B.- Alumnos/as que presenten dificultades de aprendizaxe non asociadas a necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, que se incorporen tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, o propio profesor/a- titor/a en colaboración co orientador/ a, recopilará toda a información da que dispón o Centro con respecto á situación persoal, social, académica do alumno/a, a través de procedementos, instrumentos e técnicas como a observación, protocolos para a avaliación das competencias curriculares, cuestionarios, entrevistas e revisión dos traballos escolares para avaliar as condicións que poden influír na aprendizaxe do alumno/a. Despois tomaranse as medidas para a realización dunha proposta educativa axeitada en cada caso (priorización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias, organización de espazos e tempos, actividades e tarefas...) e seguiranse os seguintes pasos :

a) Faráselle un seguimento individualizado por parte do profesor titor/a, orientador/a e profesorado especialista de apoio en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe, se é o caso, para observar e corroborar que a súa evolución é favorable acadando os obxectivos fixados.

b) No caso de que as novas medidas adoptadas nun prazo determinado de tempo non resulten axeitadas por non evolucionar favorablemente iniciárase un proceso de Avaliación Psicopedagóxica nos termos sinalados no apartado A .

5.1.2. ORGANIZACIÓN DO APOIO

▪ CRITERIOS XERAIS

1º.- En Educación Infantil: O apoio farase como norma xeral dentro da aula ordinaria. Contémplase a posibilidade de facelo fóra dela se o alumno precisa traballar aspectos específicos de reeducación da fala e/ou outras problemáticas específicas.

2º.- No primeiro e segundo curso de Educación Primaria: O apoio farase como norma xeral dentro da aula ordinaria. Contémplase a posibilidade de facelo fóra:

- 1) Cando o alumno precise traballar aspectos específicos de reeducación da fala.
- 2) Alumnos que repitan o 2º curso de Educación Primaria e estean a iniciar o proceso lecto-escritor.
- 3) De forma moi excepcional, alumnos que sen estar a repetir o primeiro curso de Educación Primaria, e despois de telo intentado dentro da aula e non ter acadado resultados satisfactorios, presentan dificultades que lles fan precisar apoio individualizado, dado que a súa competencia curricular sepárase moito da media do grupo clase.

Nos tres casos estará analizado e xustificado polo Departamento de Orientación do Centro.

3º.- No terceiro, cuarto, quinto e sexto de Educación Primaria: O apoio levarase igualmente dentro da aula ordinaria, contemplando a posibilidade de sacalo fóra cando a competencia curricular do alumno/a estea moi por debaixo da media do grupo-clase e que resulte moi difícil darlle o apoio dentro, e/ou se trate de aspectos específicos de audición e linguaxe.

▪ CRITERIOS A SEGUIR PARA A ATENCIÓN DIRECTA DOS ALUMNOS/ AS.

A atención do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e profesorado con dispoñibilidade horaria priorizarase da seguinte forma:

1. Co profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica:

- a) Alumnado con Adaptacións Curriculares Significativas previstas e elaboradas no curso escolar .
- b) Alumnado con diagnóstico médico e / ou psicopedagóxico que requira de apoios para acadar os obxectivos mínimos correspondentes ao currículo ordinario por presentar grandes dificultades de aprendizaxe.
- c) Alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe e segue o currículo ordinario .

2. Co profesorado especialista en Audición e Linguaxe

- a) Alumnado con dificultades de comunicación.
- b) Alumnado con dificultades na linguaxe.
- c) Alumnado con dificultades articulatorias priorizando os de máis idade respecto aos de menos.
- d) Alumnado que precisa apoios educativos por presentar dificultades no proceso lectoescritor.

3. Co profesorado adscrito aos apoios de titor por dispoñibilidade horaria

- a) Alumnado con dificultades leves e/ou transitorias.

5.2 AVALIACIÓN DOS ALUMNOS.

No caso de alumnos que reciban Apoio Educativo tomaranse como referente para a súa avaliación as competencias básicas e obxectivos mínimos reflectidos na programación de aula.

No caso de alumnos con Adaptación Curricular Significativa teranse en conta os criterios de avaliación establecidos na propia Adaptación Curricular Significativa.

6.- CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO

6.1.- CLAUSTRO

- Consensuar a definición do marco conceptual elixido polo claustro deste centro: que é a atención á diversidade e que medidas de atención á diversidade se adoptan.
- Elaborar o Proxecto Educativo de Centro.
- Elaborar o Plan Xeral Anual
- Aprobar o Plan de Atención á Diversidade, onde se definen as funcións dos distintos profesionais, o modelo de intervención, os criterios xerais para decidir cando un alumno recibe apoio...
- Revisar o nivel de participación dos pais.
- Coordinar as funcións referentes á orientación, tutoría, avaliación.

6.2.- PROFESORADO TITOR

O profesorado titor é a figura de referencia da totalidade dos alumnos e alumnas da súa aula, actuará como coordinador do profesorado que traballa con ese grupo e será o vínculo máis estable de relación coas familias.

A implicación do titor no proceso de ensinanza e aprendizaxe de todos os seus alumnos é básica e nunca pode ser suplantada pola intervención doutros profesionais.

Serán funcións do titor:

- Participar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e nas actividades de orientación baixo a coordinación do Xefe de Estudos e a colaboración do Departamento de Orientación.
- Segundo o Decreto 105 / 2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia o titor realizará a avaliación inicial ao comezo de curso e as programacións de nivel co fin de establecer o nivel de

- competencia curricular do alumno/a en colaboración co resto do profesorado implicado no grupo.
- Así mesmo o profesorado titor colaborará co Departamento de Orientación na Avaliación Psicopedagóxica e atenderá ás dificultades de aprendizaxe do seu alumnado para proceder á adecuación persoal do currículo, o que implica a elaboración adaptacións curriculares significativas coa colaboración do resto do profesorado ordinario que atende ao alumno, o profesorado especialista de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e a Orientadora.
 - Facilitar a integración dos alumnos no grupo.
 - Fomentar a participación de todos os seus alumnos/as nas actividades do centro.
 - Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos/as do seu grupo con Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e resto de profesorado que interveñen directamente cos mesmos e adoptar a decisión que proceda acerca da súa promoción dun curso a outro.
 - Informar ás familias e ao profesorado do alumnado con necesidades educativas sobre todo aquilo que lles atañe en relación coas actividades docentes e rendemento académico.

6. 3.-PROFESORADO DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E AUDICIÓN E LINGUAXE

O Profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe forma parte, a súa vez, dun Equipo de Nivel, preferiblemente no que concreta e concentra o seu apoio e para coordinar as súas funcións, reúnese unha vez á semana coa orientadora e sempre que xurde unha necesidade.

Funcións do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe:

- Atención directa docente ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Colaboración nas cuestións relacionadas coa educación do alumnado suxeito a medidas de atención á diversidade.

- Colaboración na avaliación inicial do alumnado e nas sesións de avaliación que afecten ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- No caso do especialista de Audición e Linguaxe, naquelas dificultades relacionadas coa comunicación e linguaxe.
- Colaboración co Departamento de Orientación na elaboración do plano de actuación respecto ó alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Colaboración co profesor titor e resto do profesorado na elaboración das Adaptacións Curriculares e no seguimento e Avaliación das mesmas, así como nos reforzos educativos e outras medidas de Atención á Diversidade.
- Colaboración co profesorado que imparte docencia directa ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, así como cos pais destes alumnos/as.
- Elaboración de materiais específicos e recursos destinados ao alumnado con necesidades educativas especiais na súa atención directa.
- Aqueloutras funcións que se lle puidesen asignar neste ámbito.

Ademais o profesorado de Audición e Linguaxe:

- Prestará colaboración na elaboración e desenvolvemento, na medida do posible, de programas relacionados con problemas de comunicación, especialmente en programas de prevención e estimulación da linguaxe en Educación Infantil e o primeiro ciclo de Educación Primaria. Contará coa colaboración da Orientadora do centro.
- Prestará colaboración no asesoramento ao profesorado na programación de actividades para a prevención e tratamento das dificultades na área de linguaxe.
- Prestará colaboración nas recomendacións para aplicar no ámbito familiar na prevención e tratamento das dificultades na área da linguaxe.

6.4.- PROFESOR / A DE APOIO A EDUCACIÓN INFANTIL

- Apoio individualizado dos alumnos /as con necesidade específica de apoio educativo na aula.
- Apoio ao titor /a en actividades diversas.
- Disposición a cubrir necesidades diversas que xorden na aula.

6.5.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- Servir de apoio tanto ao Equipo Directivo como ao Claustro, alumnado e familias.
- Coordinar a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo xunto co xefe de estudos e o profesorado de apoio.
- Detectar e avaliar as necesidades específicas de apoio educativo no alumnado.
- Realizar a Avaliación Psicopedagóxica.
- Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Asesorar na elaboración de programas dirixidos ao desenvolvemento integral do alumnado e ofrecerlle ao profesorado o soporte técnico para o desenvolvemento dos mesmos.
- Asesorar na toma de decisións sobre medidas de atención á diversidade para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Favorecer a posta en práctica das medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade que precise o alumnado.
- Diseñar, en colaboración co profesorado involucrado, medidas que favorezan o desenvolvemento integral do alumnado.
- Establecer relacións estables de coordinación entre profesorado titor, profesorado especialista e profesorado de apoio ás necesidades educativas especiais.
- Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade.

- Diseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de sobredotación que presente o alumnado.
- Organizar espazos e instalacións para a Orientación, así como adquirir material e equipamento específico, velando polo seu correcto uso e conservación.
- Establecer canles de información cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.
- Cooperar cos membros do Equipo de Orientación Específico no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.

6.6.- EQUIPO DIRECTIVO

A atención á diversidade do alumnado é responsabilidade de todo o profesorado do centro. Todos están implicados tanto nos niveis de planificación como na posta en práctica das medidas que se propoñan.

Hai que sinalar o papel diferenciado do Equipo Directivo, como un elemento dinamizador de todos os procesos dirixidos a optimizar a atención ao conxunto do alumnado e, especificamente, o rol da xefatura de estudos como coordinadora de todo o relacionado coa atención á diversidade: organización de horarios, coordinación de funcións...

- Impulsar propostas e facilitar as condicións necesarias para a súa posta en marcha, tanto no tocante ás propias medidas de atención á diversidade como á necesaria coordinación do profesorado.
- Habilitar os recursos dispoñibles para a atención individualizada do alumnado con necesidades educativas.
- Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico e de orientación do profesorado e alumnado, en relación co proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.

- Coordinar a actividade docente do centro, con especial atención aos procesos de avaliación, adaptación curricular e actividades de reforzo e ampliación.

6. 7.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

- Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa, o Plan de Acción Titorial, o Plan Xeral de Atención á Diversidade, o Plan de Orientación Educativa e o Plan de Convivencia Escolar se realicen conforme aos criterios establecidos.
- Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos equipos de ciclo e o resto anteriormente citado.
- Servir de intermediaria entre as propostas do claustro e do cursos. Os representantes de cada curso poden elevar propostas á comisión e viceversa, unha vez discutidas na Comisión pedagóxica elevaranse ao claustro que aprobará ou non as mesmas.

6. 8.- AUXILIARES TÉCNICO EDUCATIVOS

Na historia do centro contamos con cursos escolares nos que dispoñemos ou non de coidadora segundo necesidades. No caso de existir a praza de Auxiliar Técnico en coordinación cos profesionais implicados na docencia do alumno/a poderá:

- Colaborar na execución práctica, seguimento e avaliación dos programas de autonomía persoal e integración social do alumnado.
- Guiar e/ou axudar ao alumno/a na realización de actividades de coidado, hixiene e aseo persoal, previamente programadas.
- Guiar e/ou axudar ao alumno na realización de actividades dirixidas á adquisición de hábitos alimentarios.
- Guiar e/ou axudar ao alumno na realización de actividades dirixidas á adquisición de técnicas de mobilidade, autocontrol en desprazamentos e habilidades da vida diaria.

- Guiar e/ou axudar ao alumno a desprazarse e participar activamente en actividades dentro e fóra do centro, cando as súas condicións llo impidan ou dificulten.
- Colaborar co resto do profesorado na atención, vixilancia e coidado destes alumnos/as durante os períodos de entradas, recreo e saídas.
- Axudar ao alumno/a dentro do aula, para facilitarlle o acceso a algunhas actividades que presentan especial dificultade para o mesmo. Estas, sempre deberán estar programadas e supervisadas polo profesorado xa se desenvolvan na aula ordinaria ou en agrupamentos específicos.

6.9 .- OUTROS

O centro educativo, inserto nun contexto, debe integrarse na comunidade como un recurso máis e, ao mesmo tempo, debe coñecer e aproveitar a rede de profesionais (educadores sociais, especialistas en saúde, traballadores sociais, et.) e institucións de todo tipo (asociacións, centros de saúde...) que poidan redundar nunha mellor actuación educativa e, especificamente, nunha atención integral á diversidade do alumnado.

O equipo directivo e a orientadora terán unha especial atención para facilitar o contacto co entorno: interrelación entre centros educativos, relación entre institucións, tanto de carácter municipal como autonómico.

7. - MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS , ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN

O Equipo Directivo do Centro, en función da normativa vixente, implementa os mecanismos que regulan e convocan cantas reunións e claustros sexan necesarios para garantir a organización e coordinación de propostas e desenvolvemento do Plan Xeral de Atención á Diversidade. É preciso implicar ás estruturas do centro no coñecemento e asunción das informacións, acordos e compromisos en relación á Atención á diversidade resultantes das sesións de traballo.

Se establecen as seguintes canles de comunicación a través de :

7.1.- REUNIÓN DE CLAUSTRO

Composto por todo o persoal docente con destino no centro. Reuniranse un mínimo de tres veces ao ano, unha por trimestre, e cantas veces sexa necesario para a organización e desenvolvemento das Programacións do Centro, tanto en convocatoria ordinaria como extraordinaria.

A través dos membros presentes na Comisión de Coordinación Pedagóxica, Departamento de Orientación e Claustro se recollen propostas dende os cursos e se aportan facéndoas chegar ao mesmo.

Na organización funcional do centro para coordinación consta o calendario anual dos seguintes órganos :

7.2.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

A Comisión de coordinación Pedagóxica está composta pola Directora, xefe de Estudos, Xefe/a do Departamento, coordinador de Educación Infantil, representantes dos Equipos de Nivel , profesor /a especialista de Pedagogía terapéutica e profesor / a especialista de Audición e Linguaxe. As reunións celebraranse unha vez ao mes e sempre que sexa necesario previa convocatoria. O calendario consta dende o inicio do curso no Plan Xeral Anual do Centro.

7.3.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- O Departamento de Orientación con destino no centro está composto polo Xefe/a do Departamento, coordinador de Educación Infantil, Coordinador/a de Educación Infantil, representantes do cursos 1º-2º, 3º-4º, 5º-6º, profesor/a especialista de Pedagogía Terapéutica e profesor/a especialista de Audición e Linguaxe.

- Todo o Departamento de Orientación está composto polo Xefe/a do Departamento, coordinador de Educación Infantil, representantes do cursos 1º-2º, 3º-4º, 5º-6º, profesor/a especialista de Pedagogía Terapéutica, profesor/a especialista de Audición e Linguaxe e responsables dos Centros adscritos EEI de Arretén, EEI de Pontecesures e CEIP de Pousada- Carcacia .

As reunións do Departamento con destino no centro celebraranse unha vez ao mes e sempre que sexa necesario previa convocatoria. O calendario consta dende o inicio do curso no Plan Xeral Anual do Centro.

As reunións de todo o Departamento celebraranse, previa convocatoria, como mínimo tres veces ao ano, unha por trimestre, e cantas veces sexa necesario en convocatoria extraordinaria.

7.4.- REUNIÓN DE EQUIPOS DE NIVEL E CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

O ciclo de Educación Infantil e os Equipo de Nivel de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria están compostos polo profesorado titor/a do nivel xunto cos restantes profesores especialistas adscritos ao mesmo. As reunións celebraranse unha vez ao mes e sempre que sexa necesario previa convocatoria. O calendario consta dende o inicio do curso no Plan Xeral Anual do Centro.

Ademais os membros compoñen o Equipo de Normalización e o Equipo de Actividades Extraescolares. As reunións celebraranse unha vez ao mes e sempre que sexa necesario previa convocatoria. O calendario consta dende o inicio do curso no Plan Xeral Anual do Centro

8.- CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

A maioría dos aspectos relativos á educación escolar, precisan dunha intervención conxunta entre ámbolos dous eixes fundamentais: Familia e Escola, polo que se contribúe , dende o centro, a establecer unha relación entre o ámbito familiar e o Centro.

Os pais, nais ou titores legais do alumnado deberán compartir o esforzo educativo, participando e colaborando, nos termos legalmente establecidos, nas decisións que afecten á escolarización e aos procesos educativos do alumnado.

Pártese da consideración de que son os titores os axentes básicos de toda actividade educativa e dende a Titoría e Orientación se orienta aos pais e nais en materia de educación dos seus fillos e fillas, implicándose en actividades de apoio cara a súa aprendizaxe e medidas destinadas ao seu desenvolvemento integral e particularmente nos ámbitos referidos á mellora da autonomía, autoestima, esforzo, participación e convivencia. Mantéñense as entrevistas e reunións necesarias para tal fin.

O calendario coa hora de atención aos pais e nais consta dende o inicio do curso no Plan Xeral Anual do Centro, solicitando cita dende o ámbito familiar ou convocando dende o ámbito escolar.

Dende o centro establécese colaboración e coordinación cos servizos educativos e profesionais externos que participan na atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Durante cada curso escolar son numerosos os contactos telefónicos, entrevistas e intercambio de información, incluíndo visitas ao centro Servizos Sociais do Concello de Padrón, Educadora Familiar do Concello de Dodro, Atención Temperá do Departamento de Pediatría do Complexo Hospitalario de Santiago e Servizo de Saúde Mental, Unidade de Pediatría de Padrón, Gabinetes Privados, Equipo de Orientación Específico da provincia da Coruña, asesores da Xunta de Galicia, orientadores doutros centros ...

Para facilitar ao alumnado de 6º de educación Primaria o momento de enfrontarse ao paso á Educación Secundaria Obrigatoria, lévase a cabo, a finais do 3º trimestre, por parte do Orientador do I.E.S. Camilo José Cela unha charla informativa. Reciben información sobre o funcionamento do Centro ao que van acudir os alumnos no seguinte curso escolar, horarios e dispoñen da posibilidade de formular preguntas sobre temas que lle preocupan e ao mesmo tempo de coñecer ao Orientador, que xa pode ser para eles un referente no seu futuro.

Rematando o 3º trimestre, organízase a nivel de Centro e en coordinación coas titoras e Responsables dos Centros Adscritos do EEI de Pontecesures, EEI de Arretén e CEIP de Pousada–Carcacia, unha xornada de convivencia cos seus alumnos escolarizados en Educación Infantil no nivel de 5 anos de Educación Infantil e de 2º curso de Educación Primaria. Elabórase o Plan de Acollida para ditos alumnos onde xa se marcan os obxectivos e as actividades a levar a cabo, facilitando así a escolarización no C.E.I.P. Flavia no próximo curso.

—

9.- PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E / OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS: CEIP FLAVIA / CENTROS ADSCRITOS

9.1-DEMANDAS

DOCUMENTO 1: DEMANDA DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN ÁMBITO ESCOLAR - EDUCACIÓN INFANTIL

DOCUMENTO 2: DEMANDA DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN EN CONSENSO ÁMBITO ESCOLAR - EDUCACIÓN PRIMARIA

DOCUMENTO 3: DEMANDA DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN ÁMBITO FAMILIAR - EDUCACIÓN INFANTIL / EDUCACIÓN PRIMARIA

9.2-SOLICITUDES

DOCUMENTO 4: SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN PARA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA INICIAL (PARA ESCOLARIZACIÓN) EDUCACIÓN INFANTIL/ EDUCACIÓN PRIMARIA

DOCUMENTO 5

DOCUMENTO 5 - A: SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN PARA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA EDUCACIÓN INFANTIL / EDUCACIÓN PRIMARIA : ÁMBITO ESCOLAR / ÁMBITO FAMILIAR

DOCUMENTO 5 - B: SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN PARA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA EDUCACIÓN INFANTIL / EDUCACIÓN PRIMARIA : ÁMBITO FAMILIAR

9.3-AUTORIZACIÓNS

DOCUMENTO 6: AUTORIZACIÓN PARA VALORACIÓN E INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN XUNTO COA ESPECIALISTA EN/OU PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA / AUDICIÓN E LINGUAXE -EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

DOCUMENTO 7: AUTORIZACIÓN PAI/NAI/TITOR LEGAL PARA RECIBIR APOIO EDUCATIVO FÓRA DA AULA ORDINARIA COA ESPECIALISTA AUDICIÓN E LINGUAXE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

DOCUMENTO 8: AUTORIZACIÓN E SOLICITUDE DE FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN EDUCACIÓN INFANTIL/ EDUCACIÓN PRIMARIA

DOCUMENTO 9: ACTA DE REUNIÓN PARA ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN – CEIP FLAVIA - Padrón – A Coruña

Telf e fax 981810194 ceip.flavia@edu.xunta.es

DOCUMENTO 1

DEMANDA DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

PARA EDUCACIÓN INFANTIL

Centro: Tlno

D/Dona..... en calidade de

SOLICITA intervención individual do alumno/a:

DATOS PERSONAIS

Apelidos e nome..... Nivel educativo..... Curso escolar.....

Data de nacemento..... Lugar de nacemento

Escolarización:

- Nome do centro:
- Outros centros (si é o caso)

HISTORIA A DESTACAR

.....

.....

.....

MOTIVO DA DEMANDA

.....

.....

ESPECIFICACIÓN E CONCRECIÓN DA DEMANDA (escriba con detalle o problema que presenta)

.....

.....

.....

.....

.....

Padrón , a.....de.....de 20...

(sinatura)

O/A solicitante



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN – CEIP FLAVIA - Padrón – A Coruña

Telf e fax 981810194 ceip.flavia@edu.xunta.es**DOCUMENTO 2**

DEMANDA DE INTERVENCIÓN AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
EDUCACIÓN PRIMARIA

D/Dona.....titor/a do curso.....

SOLICITA unha valoración do alumno/a:

DATOS PERSONAIS

Nome e apelidos Nivel Ciclo

Escolarización:

- Infantil: Nome do/s centro/s:- Primaria: Nome do/s centro/s:

Data de nacemento..... Lugar de nacemento

DATOS ACADÉMICOS

Ten materias pendentes dos cursos anteriores?.....Indicar

Recibiu algún tipo de apoio? R.E A.C.I. Profesorado implicado

Áreas nas que recibiu apoio

En que nivel?..... Curso académico

Repetiu algún curso? ¿ Cal?

Superou os obxectivos do ciclo coa repetición? Si Non Especificar**DEMANDA** Dificultades na fala e linguaxe: articulación, fluidez verbal, retraso na linguaxe... Dificultades na lectoescritura Dificultades no cálculo Outras.....**ESPECIFICACIÓN E CONCRECIÓN DA DEMANDA** (escriba con detalle o problema que presenta)

Padrón, a.....de.....de 20...

O/A titor/a



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN – CEIP FLAVIA - Padrón – A Coruña

Telf e fax 981810194 ceip.flavia@edu.xunta.es

DOCUMENTO 3

DEMANDA POR PARTE DO PAI, NAI OU TITOR / A LEGAL PARA INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

D./Dna.:

como pai, nai ou titor legal do Alumno / a

considera conveniente a intervención do Departamento de Orientación co fin de valorar as necesidades educativas que poida presentar o meu fillo/a e que permitan a posterior adopción das medidas de atención educativa oportunas polo MOTIVO DE

.....
.....
.....
.....
.....

DATOS PERSOAIS

Alumno / a:

Data de nacemento: Curso:

Titor / a :

Domicilio familiar.

Curso escolar Teléfono

En Padrón, a ____ de _____ de 20__

Asdo. : _____

(*Pai, nai ou Titor legal*)



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN – CEIP FLAVIA - Padrón – A Coruña

Telf e fax 981810194 ceip.flavia@edu.xunta.es

DOCUMENTO 4

SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN PARA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA INICIAL

D./Dna..... , como profesor/a Responsable do adscrito ao CEIP Flavia e ao seu Departamento de Orientación ou como Director /a do CEIP FLAVIA e ante a solicitude de escolarización de

.....
(con data) por presentar necesidades educativas específicas de apoio educativo segundo a información aportada pola familia e dando cumprimento ás Instrucións para os Centros Educativos no proceso de Admisión de Alumnos para o curso 20_ / 20_

SOLICITO :

Avaliación Psicopedagóxica inicial para ser remitida ao presidente da Comisión de Escolarización para que se solicite informe do Equipo de Orientación específico da provincia da Coruña .

En _____ , a ___ de _____ de 20_____

Asdo. : _____
(*Titor/a*)

D./ Dna. _____ ;
como pai,nai ou titor legal do alumnos _____ ;

QUEDO ENTERADO E AUTORIZO a levar a cabo a Avaliación Psicopedagóxica inicial do meu fillo/a no Centro .

En _____, a ___ de _____ de 20_____

Asdo _____
(*Pai, nai ou Titor legal*)



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN – CEIP FLAVIA - Padrón – A Coruña

Telf e fax 981810194 ceip.flavia@edu.xunta.es

DOCUMENTO 5 - A

SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN PARA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

ÁMBITO ESCOLAR / FAMILIAR

D./Dna. _____, como profesor/a titor/a do alumno/a _____, diante das dificultades observadas neste alumno/a, considera conveniente realizar unha Avaliación Psicopedagóxica, que se levará a cabo, no caso de que vostede o autorice, no propio Centro Educativo e polo persoal destinado ao efecto pola Consellería de Educación e coa finalidade de prestar un servizo máis axeitado as súas necesidades.

MOTIVO DA DEMANDA : _____

En Padrón, a ___ de _____ de 20__

Asdo. : _____
(*Titor/a*)

D./ Dna. _____ ;
como pai,nai ou titor legal do alumno/a _____ ;
QUEDO ENTERADO E AUTORIZO / NON AUTORIZO a levar a cabo a Avaliación
Psicopedagóxica ao meu fillo/a no Centro .

En Padrón, a ___ de _____ de 20__

Asdo _____
(*Pai, nai ou Titor legal*)



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN – CEIP FLAVIA - Padrón – A Coruña

Telf e fax 981810194 ceip.flavia@edu.xunta.es

DOCUMENTO 5 - B

SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN PARA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

ÁMBITO FAMILIAR

D . / Dna. _____

como pai, nai ou titor legal do alumno/a _____

SOLICITO Avaliación Psicopedagóxica ao meu fillo/a no Centro e polo persoal destinado ó efecto pola Consellería de Educación .

MOTIVO DA DEMANDA : _____

En Padrón, a ____ de _____ de 200__

Asdo. : _____

(*Pai, nai ou Titor legal*)



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN – CEIP FLAVIA - Padrón – A Coruña

Telf e fax 981810194 ceip.flavia@edu.xunta.es

DOCUMENTO 6

AUTORIZACIÓN / NON AUTORIZACIÓN PARA VALORACIÓN E INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN COA ESPECIALISTA EN AUDICIÓN E LINGUAXE

ÁMBITO ESCOLAR / ÁMBITO FAMILIAR

D./Dna. _____, como
profesor/a titor/a do/a alumno/a _____, ante as
necesidades observadas neste alumno/a, _____

considera conveniente a intervención por parte do Departamento de Orientación para levar a cabo
unha valoración por parte da especialista de Audición e Linguaxe para dar unha resposta
axeitada ás súas necesidades.

En Padrón, a ____ de _____ de 201__

Asdo.: _____

(titor / a)

D./Dna _____, como
pai, nai, ou titor legal do alumno/a _____, QUEDO
ENTERADO/A E AUTORIZO / NON AUTORIZO a levar a cabo a valoración ao meu
fillo/a no centro educativo CEIP FLAVIA.

En Padrón, a ____ de _____ de 20__

Asdo.: _____

(Pai, nai ou Titor legal

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN – CEIP FLAVIA - Padrón – A Coruña

Telf e fax 981810194 ceip.flavia@edu.xunta.es**DOCUMENTO 7**

**AUTORIZACIÓN / NON AUTORIZACIÓN POR PARTE DE PAI/NAI/TITOR LEGAL
PARA RECIBIR APOIO EDUCATIVO FÓRA DA AULA ORDINARIA**

D. / Dna . _____,

como pai, nai ou titor legal do alumno/a _____,

QUEDO ENTERADO E AUTORIZO / NON AUTORIZO a levar a cabo a proposta de intervención derivada da Valoración realizada ó meu fillo/a no Centro pola titor / a, equipo de profesores xunto co Departamento de Orientación e coa finalidade de adoptar medidas máis axeitadas ás súas necesidades .

MEDIDAS :

Apoio Educativo : P. T. _ A. L.

En Padrón , a _____ de _____ de 20__

Asdo. : _____

(Pai , nai ou Titor legal)



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN – CEIP FLAVIA - Padrón – A Coruña

Telf e fax 981810194 ceip.flavia@edu.xunta.es

DOCUMENTO 8

AUTORIZACIÓN E SOLICITUDE DE FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN EDUCACIÓN INFANTIL/ EDUCACIÓN PRIMARIA

D./D^a

.....,
 con DNI en calidade de pai/nai ou titor/a legal (marque o que proceda), do alumno/a,
 matriculado neste centro en de, fun informado/a das necesidades educativas que presenta o meu fillo/a da medida de atención educativa extraordinaria oportuna conducente ao seu mellor desenvolvemento académico, persoal, social e cognitivo. A medida proposta é a que se indica a continuación:

- Flexibilización da duración do período de escolarización e declaro que fun debidamente informado / a da necesidade de dita medida.

Polo que:

AUTORIZO

NON AUTORIZO

Padrón, ade, de 20.....

O/A pai/nai, ou titor/a legal (Sinatura)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN – CEIP FLAVIA - Padrón – A Coruña

Telf e fax 981810194 ceip.flavia@edu.xunta.es**DOCUMENTO 9****ACTA DE REUNIÓN PARA ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA**

..... / / 201...

ASISTENTES :

- Profesor /a Titor / a :
- Profesor /a Lingua Inglesa :
- Profesor /a de Educación Musical:
- Profesor /a de Educación Física :
- Profesor /a de Relixión :
- Profesor /a de Pedagogía Terapéutica :
- Profesor /a de Audición e Linguaxe :
- Orientador /a :
- Xefe /a de Estudos :

Reunidos os mestres anteriormente citados, para estudar a posible elaboración dunha Adaptación Curricular Significativa ao Alumno / a :

....., deciden :

QUE NON PROCEDE A ELABORACIÓN DA ADAPTACIÓN CURRICULAR XA QUE :

- Da avaliación realizada despréndese que non existen necesidades educativas que non poidan ser atendidas por outras medidas.
- Non se teñen esgotadas todas as medidas de Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo.
- Outros

QUE PROCEDE ELABORAR A ADAPTACIÓN CURRICULAR DE ACORDO COS DATOS DE AVALIACIÓN RECOLLIDOS NA DOCUMENTACIÓN PREVIA

En Padrón , a _____ de _____ de 20____

Asdo. : _____

Xefe/a de Estudos

10 . PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

Este Plan Xeral de Atención á Diversidade será revisado no caso de que sexa necesario levar a cabo modificacións significativas nas condicións actuais por escolarizarse alumnos que precisen de cambios organizativos.

De forma xeral ao final de cada curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación aportados polos cursos, se elaborará a memoria e de ser o caso as propostas de mellora. Esta memoria se incorporará á memoria do Departamento de Orientación e, en consecuencia a memoria anual do centro.

DOCUMENTO 1:

CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Ano académico: 20.... - 20....

Destinatarios: Reunións de Equipos de nivel

Reunións de Ciclo de Educación Infantil

Unha vez cumprimentado polos representantes nas reunións correspondentes, serán entregados ao Departamento de Orientación.

A avaliación-memoria farase sobre as actuacións previstas no desenvolvemento do Plan, considerando estas tres dimensións:

- TD (totalmente desenvolvida)
- PD (parcialmente desenvolvida),
- ND (non desenvolvida).

ACTUACIÓNS PREVISTAS

ACTUACIÓNS	TD	PD	ND
Posibilitar a integración social e educativa, potenciando actitudes de aceptación e respecto en todo o alumnado.			
Deseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumno e de cada alumna.			
Tomar as decisións e adoptar as medidas que optimicen a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo.			
Ofrecer a todo o alumnado e de xeito especial aquel con necesidade específica de apoio educativo unha acción educativa adecuada ás súas necesidades, que lle facilite e contribúa á consecución das competencias básicas e dos obxectivos xerais e mínimos das etapas de Educación Infantil e Educación Primaria.			
Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e de adecuación da estrutura organizativa para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas no marco da formación de persoas responsables, autónomas e participativas.			
Facilitar ao alumnado a adaptación persoal e grupal para enfrontarse a momentos escolares como o inicio da escolaridade en Educación Infantil , o paso a Educación Primaria e a incorporación a ESO.			
Impulsar a colaboración e coordinación do centro con outras institucións e asociacións para mellorar o labor educativo.			
Potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado.			

Promover a formación do profesorado en temas relacionados coa atención á diversidade potenciando a concienciación da posibilidade de atoparnos na escola con alumnado heteroxéneo.			
Promover a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado no proceso educativo, orientando, informando e asesorando no caso de familias do alumnado con necesidade de apoio educativo.			
Adoptar, cantas outras actuacións favorezan a atención á diversidade do alumnado, contando, cando cumpra, coa correspondente autorización.			

OBSERVACIÓNS :

ANEXOS

ANEXO I

PLAN DE ACOLLIDA PARA ALUMNOS DE NOVA ESCOLARIZACIÓN NO CENTRO E XA ESCOLARIZADOS EN CENTROS ADSCRITOS

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

C.E.I.P. FLAVIA

**XORNADA DE CONVIVENCIA
DOS CENTROS ADSCRITOS
DE**

**DESTINATARIOS: ALUMNOS QUE SE INCORPORAN NO PRÓXIMO
CURSO AO CICLO/OS DE PRIMARIA**

1.- INTRODUCCIÓN

A chegada dos nenos e nenas ao centro escolar supón un momento moi importante nas súas vidas. É preciso adaptarse a un grupo de persoas descoñecidas así coma a espazos, materiais, áreas e normas en moitos casos descoñecidas para eles. É por iso que consideramos necesario levar a cabo unha serie de accións titoriais que faciliten esta integración e adaptación ó entorno escolar .

Este plan de acción está dirixido a :

Aqueles alumnos e alumnas que acceden por primeira vez ó C.E.I.P. Flavia, que están escolarizados nun Centro Adscrito e neste caso concreto no

DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE ACOLLIDA

2.- OBXECTIVOS

XERAIS

- 1 . - Favorecer a adaptación persoal e grupal con resolución positiva do conflito de cambio de centro dos nenos e nenas pertencentes a Centros Adscritos, neste caso
- 2 . - Potenciar a colaboración e un mellor coñecemento entre profesorado do Centro Adscrito e do Centro CEIP Flavia.
- 3 . - Mellorar o coñecemento dos alumnos.
- 4 . – Potenciar o coñecemento dos alumnos de nova incorporación e os alumnos xa escolarizados no centro e viceversa .

ESPECÍFICOS

- 1 . - Que os alumnos e alumnas se presenten a si mesmos, respondan adecuadamente cando se presenten e fagan presentacións de outras persoas.
- 2 . - Coñecemento do Centro, organización e a aula.

3. - Coñecer a dinámica e participación nalgunha das especialidades impartidas no Centro.

3. - ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Traballar na Área de Habilidades Básicas de Interacción Social .

Habilidade : PRESENTACIÓNS

OBXECTIVO: Que o alumno/a se presente a si mesmo, responda adecuadamente cando se presenten e faga presentacións de outras persoas .

3.1 - PRESENTACIÓNS

3.1.1 . Instrución Verbal , Diálogo e Discusión

1. Información Conceptual :

A - Delimitación e especificación da habilidade

B - Importancia e relevancia para o alumnado

C - Aplicación

2. Compoñentes e pasos específicos da habilidade

3.1.2. Modelado

3.1.3 Práctica

3.1.1 *INSTRUCCIÓN VERBAL , DIÁLOGO E DISCUSIÓN*

1. Información conceptual

A - Delimitación e especificación da habilidade

As presentacións son condutas que se empregan frecuentemente cando nos relacionamos con outras persoas. Serven para darse a coñecer ou facer que se coñezan outras persoas entre si .

Distintos modos de presentación :

- Presentarse a si mesmo ante outras persoas .

- Responder cando somos presentados por outra persoa .
- Presentar a outras persoas que non se coñecen entre si .

O profesor inicia o diálogo que estimule que os alumnos e alumnas cheguen a delimitar claramente as habilidades que se van a traballar .

“ Quén ten observado a unha persoa presentándose ante outras , cómo o fixo , en qué situación se presentou , quén de vosoutros ten presentado a persoas que non se coñecían nestes días , cómo o fixeches ,

B - Importancia e relevancia para o alumno

Na vida diaria, as presentacións son importantes xa que solen ser as condutas previas para iniciar relacións con outras persoas. Por iso é convinte saber facelo moi ben e segundo como se faga poidamos interesarnos ou non por coñecer máis a unha persoa .

O profesor establece un diálogo cos alumnos e alumnas para que cheguen a comprender as vantaxes que teñen ó dispoñer destas habilidades e tamén qué inconvincentes conleva o non dispoñer delas ou non poñelas en xogo .

“ Cómo nos sentimos cando nos presentan a alguén cun sorriso di algo agradable , Cómo nos sentimos cando nos presentan a alguén e non nos fan ningún caso ...

C - Aplicación

É necesario que o longo do diálogo e do entrenamiento en xeral, o alumno e alumna chegue a ter claro en que situacións é adecuado o exhibir as habilidades de presentación e tamén en cales non é necesario e incluso inapropiado. Delimitar as diferenzas que implican as presentacións segundo as persoas (xoves, nenos , maiores ...) e as situacións (festas , cumpreanos , ...)

Poñer exemplos vividos polos alumnos e alumnas .

2. *Compoñentes e pasos conductuais específicos da habilidade*

Para **presentarse ante outras persoas** o que hai que facer é :

1º mirar as persoas e saudalas . ¡ Hola ¡ Bos Días .

2º Dicer o teu nome e algún outro dato de identificación. Chámome, son....., acompañándoo con condutas non verbais acordes : sorriso, dar a man ...).

3º Expresar e explicar os teus desexos, intencións, circunstancias persoais que motivan esta presentación. Quero que ..., Necesito que ..., (Di algo de ti mesmo; comenta algo de ti que interese a outra persoa , ...).

Para **responder cando somos presentados** é necesario :

1º Mirar ás outras persoas .

2º Iniciar e/ou respostar ao saúdo .

3º Dicer frase ou fórmula de resposta á presentación. *Encantada/o de coñecerte , tanto gusto, é un praxe , tiña moitas gañas de coñecerte, acompañado de xestos e expresións acode (dar un bico , dar a man ...)*

Para **presentar persoas que non se coñecen** hai que :

1º Dicer o nome dunha das persoas e presentarlle á outra empregando unha fórmula típica de presentación. Te presento a..., Esta é Despois a segunda persoa é presentada á primeira facéndoo da mesma forma.

2º Dicer algo positivo e agradable das persoas que presentas, algo que interesará á outra persoa, algo que lles estimule a interactuar. Esta é ..., é a miña mellor amiga .

3º Empregar expresión facial e xestos acordes : sorriso , dar a man , dar un bico ...

3.1.2 **MODELADO**

- profesor e/ ou outros adultos e / ou compañeiros demostran practicamente as condutas necesarias para presentarse e facer presentacións .
- O profesor se fala a si mesmo en voz alta antes, durante e despois do Modelado para que os alumnos observen o que fai e a vez oian como se autoinstrúe. *Hoxe vou matricularme no curso deHola bos días . Son ... e veño a*

É necesario que nalgún momento da demostración por parte do profesorado , este modele cómo afronta as dificultades que poden existir antes ou poidan aparecer durante a execución (temor, ansiedade, resposta inesperada ou inadecuada das outras persoas ou non resposta). No caso anterior serían exemplos de dificultades engadidas :

Durante a fase de modelado é preciso sinalar as distintas persoas que poden intervir ó facer presentacións (nenos e adultos, coñecidos e descoñecidos), polo que é necesario matizar as distintas habilidades e condutas relevantes en cada caso.

Exemplos suxeridos para o Modelado

.....Chama a súa nai ó traballo e ten que presentarse e identificarse para que lle pasen a chamada.

Preséntanche á nova profesora de

Presentan a un novo compañeiro ou compañeira

3.1.3 PRÁCTICA

➤ Role – Playing / Dramatización

Unha vez observadas moi atentamente cómo se teñen feito as presentacións o teñen que poñer en práctica tratando de imitar as condutas que foron mostradas. Faranse grupos de catro ou cinco alumnos e facer actividades tipo:

Un neno chega novo

A túa festa de cumpleaños veñen nenos que non se coñecen entre si ...

Na zona onde vives vas participar nunha actividade que é necesario facer solicitude

E preciso cambiar os papeis para que todos participen .

É moi convinte que cando termine o entrenamiento se organice un debate no que se clarifiquen os aspectos máis sobresaíntes do entrenamiento e se sinalen os aspectos máis relevantes das habilidades necesarias para facer presentacións .

➤ Práctica oportuna

O profesor/ a promove a práctica das habilidades de presentación nas situacións espontáneas e cotidianas da vida escolar na que é necesario facer isto.

O profesor / a promove a práctica de envío de cartas de presentación de un Centro ao outro. Do FLAVIA ao/aos e viceversa .

4.- TAREFAS

Exemplos de tarefas :

- Observar persoas (nenos e adultos) que fan ou responden a presentacións.
- Anotar cousas que che parecen adecuadas e por qué. Anotar aspectos que che parecen inadecuados e por qué. Cómo os modificarías para que fosen adecuados .
- Na fin de semana presentarse a outros nenos e nenas .
- Presentar aos teus pais a algún neno ou nena que non coñecen

5.- HORARIO

Vanse desenvolver na xornada de convivencia unha serie de actividades encamiñadas a proporcionar a acollida e integración dos alumnos de curso dociclo de Educación Infantil e/ou Educación Primaria do/dos centros....., no día:

.....

	Chegada dos alumnos de coa súa titora/as e recibidos pola Dirección do Centro
	Visita ás dependencias comúns do Centro e chegada á aula/as de para as presentacións.
	Asistencia á aula/as de coa especialista correspondente e co grupo de
12 15: – 12:45	Recreo
12:45 – 13:05	Plan Lector na aula/as de
	Despedida dos alumnos de

(Cada curso se adaptará a acollida en función das circunstancias do momento)

ANEXO II

PERIODO DE ADAPTACIÓN: EDUCACIÓN NFANTIL

O **Periodo de Adaptación**, tal e como recolle a **Orde do 22 de xullo de 1997**, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento de Educación Infantil, dos Colexios de Educación Primaria e dos colexios de Educación Infantil e Primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (orde que está modificada parcialmente pola **Orde do 28 de xuño do 2010**), é elaborado polo Equipo de Ciclo para aqueles nenos que se escolarizan por primeira vez no centro. A realización deste plan adquire a súa máxima importancia no primeiro curso do 2º Ciclo da etapa. Este plan inclúe, atendendo á orde citada, diferentes aspectos como a participación das familias neste período, a flexibilización do calendario e do horario dos nenos e nenas que se incorporan por primeira vez ao centro, as actividades encamiñadas á súa mellor adaptación, e a flexibilización do tipo de agrupamento.

Os obxectivos que pretendemos acadar son os seguintes:

- Crear un clima de confianza e seguridade, no que o neno se sinta cómodo e seguro.
- Intentar que o neno/nena se sinta contento e feliz.
- Participar da vida escolar, sentíndose membros do grupo.
- Adaptarse e seguir as normas e rutinas do grupo.
- Coñecer os nomes dos compañeiros e compañeiras e o da mestra.
- Aceptar ás persoas que conviven con eles e mostrar interese por relacionarse coas mesmas.
- Orientarse e desenvolverse autonomamente polos espazos da aula e do grupo.

A flexibilidade do calendario, do horario e dos grupos, seguindo a **Orde do 13 de xuño de 2012**, pola que se aproba o calendario para o curso 2012/2013 nos

centros docentes sostidos con fondos públicos supuxo o establecemento de horarios e grupos reducidos durante as dúas semanas escolares de setembro co obxecto de facilitar a súa integración dun xeito progresivo. Este período de adaptación non se prolongará máis alá do 26 de setembro.

O horario preparado, así como as normas básicas para o bo funcionamento escolar, serán presentadas aos pais/nais de alumnos/alumnas de nova incorporación, o día, áshoras da nunha reunión coas mestras integrantes do equipo de Educación Infantil. Este horario é o seguinte:

O horario determinarase cada curso segundo a organización prevista en reunión de ciclo e en coordinación co Equipo Directivo.



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN – CEIP FLAVIA

Padrón – A Coruña

Tel e fax 981810194 ceip.flavia@edu.xunta.es

ANEXO III

CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN DO PLAN DE ACOLLIDA PARA CENTROS ADSCRITOS

CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN DO PROGRAMA DE PREPARACIÓN PARA A INCORPORACIÓN AO CEIP FLAVIA

Este cuestionario ten como finalidade axudar na avaliación do Programa de Preparación para a incorporación ao CEIP Flavia.

Deberá encherse sinalando cun X no cadro que corresponda.

PLANIFICACIÓN XERAL DA XORNADA

	Adecuada	Inadecuada
A información que se facilitou sobre o centro foi		
As actividades realizadas foron		
O horario foi		

Propostas de mellora

.....

.....

.....

.....

Padrón , de de 20....

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN - CEIP FLAVIA

ANEXO IV

PROGRAMA DE ACOLLIDA PARA O ALUMNADO QUE CURSA 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA E SE INCORPORA NO PRÓXIMO CURSO AO IES CAMILO JOSÉ CELA

1º- INTRODUCCIÓN

Como parte das actuacións encamiñadas á preparación do alumnado que vai rematar a súa etapa formativa no centro incorporándose ao instituto para iniciar no próximo curso a Educación Secundaria Obrigatoria, e a facilitar información e apoio ás familias que tamén se ven afectadas polos cambios que isto leva consigo, deséñase, en coordinación co orientador do IES Camilo José Cela, este programa que se desenvolve da seguinte forma.

2º.- OBXECTIVOS

1. Facilitar o tránsito da etapa de Educación Primaria á de Educación Secundaria Obrigatoria.
2. Facilitar información ao alumnado e ás familias respecto das características e estrutura da nova etapa educativa.
3. Proporcionar ao alumnado e ás familias información sobre a oferta educativa, os servizos complementarios e o funcionamento xeral do IES Camilo José Cela.

3º.- DESENVOLVEMENTO

Celébrase unha charla no CEIP Flavia por parte do orientador do IES Camilo José Cela ao que estamos adscritos. Desta forma aproveitase para ser presentado o orientador, que sexa coñecido polos alumnos e alumnas e ao mesmo tempo dar información xeral sobre a ESO e sobre o instituto . Estará coordinada polos dous Departamentos de Orientación e realizarase no terceiro trimestre.

Os alumnos van recibir información escrita de asuntos relativos a:

- Estrutura do sistema educativo.
- Oferta educativa do citado IES.
- Horarios lectivos
- Profesorado
- A atención á diversidade
- Servizos complementarios que ofrece
- Criterios de promoción
- Regulamento de réxime interno
- Outros que poidan ser de interese.

Ao mesmo tempo o alumnado pode preguntar todo o que considere oportuno para resolver toda as dúbidas que lle xurdan en relación ao próximo curso escolar.

4º.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Tanto o profesorado implicado coma o Departamento de orientación avaliarán o grao de desenvolvemento do Plan, emitindo un informe no que se establezan, se proceden, as propostas de mellora.

4.1. Instrumentos de avaliación

Cumprimentarase o cuestionario que se recolle nos anexo IV.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN - CEIP FLAVIA

ANEXO V

CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN DO PLAN DE PREPARACIÓN PARA A ESO

CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN DO PROGRAMA DE PREPARACIÓN PARA A

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Este cuestionario ten como finalidade axudar na avaliación do Programa de Preparación para a Educación Secundaria Obrigatoria.

Deberá encherse sinalando cun X no cadro que corresponda.

INFORMACIÓN XERAL SOBRE A ESO E O IES CAMILO JOSÉ CELA

	Adecuada	Inadecuada
A información que se facilitou sobre o sistema educativo e a ESO foi		
Os medios que se empregaron na charla (fotocopias,...) parecéronche		

Propostas de mellora

.....

.....

.....

Padrón , de de 20....

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN - CEIP FLAVIA

ANEXO VI

PLAN DE ACOLLIDA PARA ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

C.E.I.P. FLAVIA

ÍNDICE

1. - INTRODUCCIÓN

2. - OBXECTIVOS DO PLAN DE ACOLLIDA

3. - ACTUACIÓNS ANTES DA CHEGADA DOS NENOS E NENAS ÁS AULAS

3.1. - PRIMEIRA TOMA DE CONTACTO E MATRICULACIÓN

3.2. - INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

3.3. - AVALIACIÓN PREVIA Á ESCOLARIZACIÓN

3.4. - COMUNICACIÓN AO PROFESORADO

4. - ACOLLIDA DO ALUMNO NA CLASE

5. - MEDIDAS DE ATENCIÓN PREVISTAS POLO CENTRO

5.1. - APRENDIZAXE DA LINGUA GALEGA E CASTELÁ

5.2. - APRENDIZAXE DA LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)

1. - INTRODUCCIÓN

Deséñase O PLAN DE ACOLLIDA PARA ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO para dar resposta a unha nova realidade escolar e social. A diversidade é un feito na sociedade e, conseguintemente na escola. Neste momento atopámonos cunha maior presenza de alumnos estranxeiros que se teñen que enfrontar a problemas derivados de:

- A matriculación e escolarización non corresponde en, moitos casos, co inicio do curso escolar por producirse no momento da súa chegada a Galiza, influíndo a existencia ou non de escolarización previa no seu país de procedencia e no caso de existir será, tanto máis favorable canto máis similar sexa o noso sistema educativo ó do seu país de orixe .
- Utilización no colexio dunha lingua diferente á que eles empregan e véndose que, en algúns casos, se teñen que atopar cunha aprendizaxe simultánea das linguas castelá, galega e lingua estranxeira (inglés).
- É practicamente normal atoparnos cun desfase curricular polo que é necesario valorar as medidas axeitadas para ser superado e axudarlles na adaptación ao centro e ao noso Sistema Educativo.
- As familias adoitan presentar problemáticas derivadas dunha situación socioeconómica desfavorecida, o que dificulta a integración destes alumnos.
- descoñecemento do noso Sistema Educativo (PEC, PCC, criterios de promoción, criterios de avaliación ...).

Pola contra, esta nova poboación escolar que está a chegar, ofrece tamén unhas características positivas para a educación de todo o alumnado, como son:

- Unha cultura e costumes diferentes, que contribúen a ampliar os coñecementos xeográficos, históricos e a visión global do mundo.
- A achega doutros valores, que na convivencia diaria favorecerán unha aprendizaxe real e práctica da tolerancia e do respecto polo diferente.
- Contacto coa diferenza que, ás veces, pode producir un choque de culturas, forzará a ensinar e a aprender a resolver os conflitos, de xeito que todo o alumnado vaia madurando como cidadán dunha sociedade plural.

2. - OBXECTIVOS DO PLAN DE ACOLLIDA

Entendemos que a finalidade principal do noso Plan de Acollida para o alumnado inmigrante é facer dos primeiros días no centro unha situación máis fácil e humana e, en consecuencia, lograr con facilidade a súa integración escolar. Para isto, deberanse establecer os seguintes obxectivos:

- Asumir como centro, dun xeito global, o deseño e posta en práctica das respostas educativas que precisa este alumnado.
- Favorecer para eles unha adaptación progresiva ao centro.
- Conseguir que os pais e o propio alumnado estean informados do funcionamento e organización do centro educativo.
- Fomentar actitudes de respecto cara a estes alumnos e alumnas e facilitar o proceso da súa integración.

3. – ACTUACIÓNS ANTES DA CHEGADA DOS NENOS E NENAS ÁS AULAS

As medidas de actuación dirixidas a este alumnado vanse referir tanto ao proceso de matriculación como ao proceso de escolarización.

Aínda que na nosa comunidade escolar non é frecuente atoparnos coa circunstancia de que as familias descoñezan as dúas linguas oficiais, de darse o caso facilitarase a información por escrito, preferiblemente, traducida ao seu idioma.

3.1. - PRIMEIRA TOMA DE CONTACTO E MATRICULACIÓN

Terase moi en conta que estes primeiros momentos nos que se establece relación coas familias e alumnado estranxeiro son de moita importancia, coidando pequenos detalles para que o proceso de matriculación se converta nun verdadeiro e eficaz momento de acollida.

No caso das idades de escolarización obrigatoria, o alumnado procedente do estranxeiro matricularase no momento da chegada a Galiza sen necesidade de que teña que esperar o inicio do novo curso.

Iniciaranse as primeiras actuacións no proceso de matriculación, antes da chegada dos nenos e nenas ás aulas. A familia, na primeira toma de contacto co Equipo Directivo, deberá aportar toda a información necesaria para facilitar a integración do alumno/a e poder promover unha boa relación entre familia e escola (lugar de orixe, situación persoal e laboral, competencia comunicativa, escolarización previa, expectativas con respecto ao centro...).

3.2. - INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

A continuación proporcionaráselle á familia toda a información sobre o funcionamento do noso Sistema Educativo e do Centro (calendario, horarios, normas internas, asistencia, comedor escolar, transporte...) e aclararanse tódalas dúbidas que se lle presenten.

Unha vez recibida a información considérase moi importante que coñezan as instalacións visitando dependencias como biblioteca, secretaría, dirección, ximnasio, comedor escolar, aula de informática, aula de inglés, aula de música ...

Informaráselle de que a compra de material e dos libros de texto quedará por determinar segundo o nivel de competencia lingüística e curricular, ata que se decida o nivel no que se vai incorporar o alumno.

3.3. - AVALIACIÓN PREVIA Á ESCOLARIZACIÓN

Antes de que se asigne o grupo ao que se vai incorporar o alumno, será necesario unha avaliación previa á escolarización levada a cabo polo Departamento de Orientación en coordinación co equipo de nivel e tomando como referencia a súa idade cronolóxica. Á vista dos resultados obtidos valorarase o grupo idóneo para a súa incorporación á aula e coa finalidade de poder adoptar as medidas pertinentes o antes posible.

3.4. – COMUNICACIÓN Ó PROFESORADO

Unha vez valorado o nivel máis axeitado para dar resposta ás súas necesidades educativas, comunicarase ó profesorado titor e profesorado en xeral a chegada do novo alumnado ó Centro e aula. Farase coa maior antelación posible para poder preparar as

actividades de acollida aportando toda a información de que se dispón para facilitar ditas actividades.

4. - ACOLLIDA DO ALUMNO NA CLASE

Debemos ter presente que o primeiro día de clase é un momento moi importante para o alumnado que chega de fóra e, ás veces, co curso xa iniciado. A súa rápida integración dependerá en boa medida de cómo se sinta acollido, de como se lle facilite o desenvolvemento polo centro e pola clase, e de como se relacione os primeiros días cos seus compañeiros e co seu titor. A este correspóndelle:

- Que se lle proporcione ao alumnado que acaba de chegar unhas pautas de traballo e unhas normas de convivencia e comportamento, aínda que as vaia incorporando pouco a pouco.
- Que coñeza os espazos da aula e de uso común do centro.
- Que o grupo clase sexa o lugar prioritario para a súa integración social e afectiva, ó tempo que todos se enriquecen cos valores persoais e culturais do novo compañeiro ou compañeira.

Por todo isto, é imprescindible facer unha preparación inmediata para recibilo, sen deixar estes momentos á improvisación ou ó acontecer espontáneo .

Así, para favorecer a acollida do alumno no momento da chegada á clase, o titor terá traballado cos seus alumnos algunha actividade para levar a cabo o día da súa incorporación á aula. Os compañeiros e compañeiras deberán coñecer o nome do novo compañeiro/a e país de procedencia e este será o momento para traballar sobre prexuizos que se poidan detectar incorporando contidos e accións que permitan a educación no coñecemento e respecto da diversidade cultural existente no centro.

5. - MEDIDAS DE ATENCIÓN PREVISTAS POLO CENTRO

No caso de que o alumno presente un desfase curricular significativo, dun curso ou máis, no nivel de competencia curricular, poderanse adoptar diferentes medidas. Nestes casos, o Equipo de Orientación e orientadora farán a Avaliación Psicopedagóxica

do alumnado, determinarán as posibles causas do retraso e planificarán conxuntamente co profesorado titor as actuacións pertinentes .

Estas actuacións poden ser de dous tipos:

De tipo curricular:

- Reforzo Educativo
- Adaptacións Curriculares
- Flexibilización da idade de Escolarización.

De tipo organizativo:

- Grupos de Adquisición das linguas.
- Grupos de adaptación curricular.

5.1.- APRENDIZAXE DA LINGUA GALEGA E CASTELÁ

Dentro da AVALIACIÓN terase en conta como acción prioritaria a valoración das competencias lingüísticas das dúas linguas da Comunidade tendo en conta os seguintes aspectos:

1. A aprendizaxe do idioma dirixido ao alumnado estranxeiro que descoñeza completamente ámbalas linguas oficiais de Galiza. Procederase tendo en conta as peculiaridades de cada alumno ou alumna, os recursos dispoñibles no Centro e a lexislación vixente (Orde 20 de febreiro de 2004 (DOG 26 / 02 / 2004), Decreto 229/2011, do 7 de decembro de 2011 (DOG 21/12/2011).
2. Crearanse grupos de adquisición do idioma coa finalidade de prestar unha maior atención individualizada para facelo o máis rapidamente posible, nun tempo limitado e podendo reducir progresivamente a medida que vaia superando as súas necesidades educativas debidas ó descoñecemento das linguas.
3. Terase en conta o nivel educativo do alumnado. No caso do último curso da Etapa de Educación Infantil valorárase a incorporación ó grupo de adquisición das linguas ou a incorporación directa á aula.

5.2.- APRENDIZAXE DA LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)

Á vista das diferenzas entre os distintos Sistemas Educativos no tratamento das linguas estranxeiras , contéplase a posibilidade de realizar apoios individuais por parte dos especialistas naqueles casos nos que exista grande diferenza entre os

coñecementos do alumno e o grupo de referencia ou mesmo descoñecemento total da lingua estranxeira. Estes apoios levaranse a cabo previa valoración individualizada e sempre e cando os horarios do profesorado especialista o permitan.

Chegado o caso, os apoios poderán ser levados a cabo por outros mestres coa especialidade e/ou habilitación na área, sempre e cando teñan dispoñibilidade horaria.

ANEXO VII

ENTREVISTA PAIS/NAIS – 1

Alumno/a:.....

D. Nto:..... Idade:..... Curso escolar.....

Asistentes:.....

Motivo da entrevista:.....

Nome do pai..... Idade..... Profesión.....

Nome da nai..... Idade..... Profesión.....

Teléfono..... Nº de irmáns (incluído el/a)..... Lugar que ocupa.....

Lingua materna..... Familiares cos que convive.....

Membro da familia que se encarga do neno/a.....

Relación da familia co centro..... Situacións familiares a destacar.....

DATOS PSICOSOCIAIS

Embarazo.....

Onde e como se produciu o parto.....

Comenzou a caminar ós..... e a falar ós.....

Controlou esfínteres ós.....

Usa espontaneamente a man..... Algún problema físico ou de saúde.....

Recoñecemento de minusvalía..... Nivel de madurez xeral.....

Conductas emocionais e sociais:

Alegre/Triste. Sociable/Solitario. Falador/Reservado. Terco/Complaciente.

Cariñoso/Áspero. Atento/Distraído. Traballador/Folgazán. Tranquilo/Inquieto.

Dócil/Agresivo. Sincero/Mentireiro. Emotivo/Insensible. Seguro/Inseguro. Tímido/Decidido.

Creativo?

Que lle gusta facer no tempo libre?.....

Relación que mantén cos distintos membros da familia.....

ALGÚN OUTRO DATO DE INTERESE OU OBSERVACIÓNS.....

.....

Padrón,de.....de 2.....

ANEXO VIII**ENTREVISTA PAIS/NAIS – 2**
Alumnos/as procedentes do estranxeiro

Alumno/a:.....
 D. Nto:.....Idade:.....
 Data:.....Curso escolar:.....
 País de procedencia:.....

Asistentes:.....

Motivo da entrevista:.....

1.- A que idade empezou a ir á escola?.....

2.- Canto tempo fai que vai á escola?.....

3.- Asistía con regularidade?.....

4.- Gustáballe ir?.....

5.- Dixéronlle os profesores/as se tiña algún problema escolar?.....

6.- Obsérvalle vostede algún problema?.....

7.- Como se relaciona cos seus irmáns?.....

8.- E cos demais membros da familia?, a quen se sente máis apegado?.....

9.- Fai pronto amigos?, é sociable?.....

10.- A que lle gusta xogar?, a que é afeccionado?.....

11.- Canto tempo fai que está o neno/a en España?.....

12.- Viñeron todos xuntos para España?.....

13.- Se non foi así, canto tempo estiveron separados e con quen quedou o neno/a?.....

14.- Que/a quen bota de menos do seu país?.....

15.- Algún outro dato de interese ou observación?.....

Padrón , de de 2.....



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. FLAVIA

Rúa do Carme, s/n C.P. 15900 PADRÓN (A Coruña) Telf./Fax: 981 81 01 94 mail: ceip.flavia@edu.xunta.es

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CEIP FLAVIA PADRÓN

Este Plan foi revisado e aprobado no Consello Escolar celebrado o 27 de xaneiro de 2016